

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE CATÓLICA "SANTA TERESA DE JESÚS" DE ÁVILA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DOS ESTUDIOS OFICIAIS DA FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde formalizaron, o día 26.06.2023, coa entidade Universidade Católica "Santa Teresa de Jesús" de Ávila o instrumento convencional arriba referido, que ten unha vixencia de catro anos desde o día seguinte ao da súa firma, salvo denuncia expresa dalgunha das partes, formulada cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do prazo inicial ou da súa prórroga, podendo prorrogarse de forma expresa por un período de catro anos adicionais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para a adecuada planificación, desenvolvemento e avaliación do programa de prácticas externas a través do cal o alumnado da Universidade Católica "Santa Teresa de Jesús" de Ávila poida complementar a súa formación teórica con formación práctica en centros asistenciais dependentes do Servizo Galego de Saúde ou en unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade.

Esta formación práctica terá como obxectivo o coñecemento por parte do alumnado da metodoloxía e técnicas do campo da titulación correspondente, a través do aproveitamento da experiencia da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde en áreas operativas relacionadas coa súa formación universitaria, promovendo o desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos futuros titulados e tituladas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

A Universidade Católica "Santa Teresa de Jesús" de Ávila é unha institución privada á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno de acordo con a Constitución e coa Lei orgánica do sistema universitario, e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, a consecución das máximas cotas de calidade de docencia e o desenvolvemento dunha formación idónea, presencial ou non, para facilitar a

aprendizaxe do seu alumnado e a súa preparación para o exercicio de actividades profesionais. O Sistema Sanitario é unha organización baseada no coñecemento, prestadora de servizos e multidisciplinar, caracterizada por unha notable complexidade organizativa e por un gran desenvolvemento científico e tecnolóxico. A complexidade organizativa, a súa incesante innovación e incorporación de novas tecnoloxías e a heteroxeneidade dos recursos humanos cos que conta, fan que o ámbito sanitario permita a estudantes de múltiples titulacións universitarias, sanitarias e non sanitarias, enfrontarse a situacións reais de esixencia profesional, forxar a actitude e predisposición necesaria para a asunción das responsabilidades e facilitar a planificación dunha carreira profesional axustada aos seus intereses e capacidades.

A Universidade Católica "Santa Teresa de Jesús" de Ávila ten a vontade de potenciar a realización de formación especializada e prácticas en centros, unidades e servizos integrados na Consellería de Sanidade ou no Servizo Galego de Saúde, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do seu alumnado.

O Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante Universitario, prevé no seu artigo 24 o establecemento de convenios con empresas e institucións, para a realización de prácticas académicas externas.

O Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, ten por obxecto desenvolver a regulación das prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, veñen colaborando tradicionalmente na organización e desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde promovidas desde as universidades.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989 do 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo, así como o desenvolvemento de programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

O Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creou a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está a de actuar, en réxime de descentralización funcional, como un instrumento de xestión da formación no Sistema Público de Saúde de Galicia. A súa Presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

É vontade das institucións asinantes intensificar as relacións entre o mundo universitario e o ámbito asistencial, facilitando o achegamento do alumnado universitario á realidade



profesional e ao desenvolvemento práctico dos coñecementos teóricos das distintas disciplinas que adquiren na Universidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

